



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Decembro 2023


Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2024

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web: <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Decembro 2023

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia, rexistrou en decembro de 2023 un descenso do 1,5% con respecto a decembro de 2022; en España a caída foi do 4,0%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo medraron un 2,8% mentres que os bens de equipo diminuíron un 14,4% e os bens intermedios un 2,9%. Pola súa parte, a enerxía creceu un 7,8%.
- Por ramas de actividade as achegas positivas mais destacables corresponden a "confección de roupa de vestir" que achega 1,7 puntos e "producción de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado", que suma tamén 1,7 puntos a taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións negativas, as principais foron: "fabricación de vehículos de motor", que resta 1,7 puntos e a "industria da alimentación" que resta 1,1 puntos a taxa interanual.
- No conxunto do ano 2023, o índice aumenta un 1,9% en Galicia e diminúe un 0,8% en España.

Índice de producción industrial (IPI). Decembro 2023



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) de Galicia rexistrou en decembro de 2023 un descenso do 1,5% con respecto a decembro de 2022; en España a caída foi do 4,0%.

Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo medraron un 2,8% mentres que os bens de equipo diminuíron un 14,4% e os bens intermedios un 290%. Pola súa parte, a enerxía creceu un 7,8%.

No conxunto do ano 2023, a produción industrial crece un 1,9% en Galicia e diminúe un 0,8% en España.

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación acumulada do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan unha caída do 2,7%, e restan 0,8 puntos a taxa acumulada.
- Os **bens de equipo** aumentan o 9,8% e suman 2,4 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** rexistran unha taxa do -4,0%, cunha repercusión de -1,1 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que crece un 7,6% e achega 1,4 puntos á taxa de variación do total.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

Atendendo ás distintas ramas industriais o descenso interanual en decembro do 1,5% débese principalmente ás repercusións negativas (-7,1 puntos) de quince ramas. As principais foron; "fabricación de vehículos a motor", que resta 1,7 puntos e a "industria da alimentación" que resta 1,1 puntos a taxa interanual.

No que respecta ás achegas positivas (5,5 puntos) de once ramas, as principais foron: "confección de roupa de vestir" que achega 1,7 puntos e "produción de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado", que suma tamén 1,7 puntos a taxa interanual.

Na media de 2023, o aumento do 1,9% débese a achega positiva (5,4 puntos) de nove ramas. As principais foron:


- **Fabricación de vehículos de motor**, que aumenta un 20,0%, cunha repercusión de 2,4 puntos.
- **Producción de enerxía eléctrica**, que crece un 11,7% e achega 1,6 puntos a taxa de variación acumulada.

En senso contrario, dezasete ramas rexistran unha taxa negativa. As principais foron:

- **Metalurxia**, que diminúe un 19,6%, cunha repercusión de -0,7 puntos.
- **Industria da madeira e cortiza**, que cae un 10,4% e resta 0,6 puntos á taxa de variación acumulada

3. Índices por comunidades autónomas


Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de decembro moveuse entre o 5,6% de Extremadura e o -10,5% de Cantabria. Ademais da devandita, rexistran taxas positivas: Aragón (3,5%), La Rioja (3,1%), Canarias (2,4%), Illes Balears (2,3%) e País Vasco (0,6%).



No conxunto do ano, sete comunidades rexistran taxas positivas. Os maiores incrementos rexístranse en Canarias (5,6%), Castilla y León (3,2%) e Madrid (2,9%). As comunidades con maiores descensos son Murcia (-8,0%) e Cantabria (-5,9%).

4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Decembro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	MEDIA 2023	INTERANUAL	MEDIA 2023
		Galicia			
Xeral	101,6	-1,5	1,9	--	--
Bens de consumo	110,3	2,8	-2,7	0,7	-0,8
Bens de equipo	89,0	-14,4	9,8	-3,7	2,4
Bens intermedios	89,5	-2,9	-4,0	-0,7	-1,1
Energía	117,8	7,8	7,6	2,2	1,4
España					
Xeral	93,1	-4,0	-0,8	--	--
Bens de consumo	90,8	-7,9	-0,5	-2,1	-0,1
Bens de equipo	101,8	-4,6	4,5	-1,1	1,0
Bens intermedios	84,5	-3,5	-2,8	-1,0	-0,8
Energía	98,5	0,9	-4,3	0,2	-0,9

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Decembro 2023

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	Media 2023	Repercusión	
Total	-1,5		1,9		
Confección de roupa de vestir	38,9	1,7	-2,7	-0,2	4,1
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	7,6	1,7	11,7	1,6	22,3
Industria do papel	45,0	0,7	15,8	0,3	2,2
Fabricación de bebidas	7,1	0,3	3,1	0,1	3,5
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixas	12,1	0,2	-19,6	-0,7	5,1
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	6,1	0,2	-10,4	-0,6	3,6
Fabricación doutro material de transporte	16,6	0,1	27,0	0,3	2,0
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	1,5	0,0	5,0	0,1	4,1
Fabricación de mobles	-0,4	0,0	-2,6	-0,1	1,1
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-2,1	0,0	7,7	0,2	2,5
Industria téxtil	-18,3	-0,1	-2,2	0,0	0,6
Outras industrias manufactureiras	-21,0	-0,1	-15,4	-0,1	0,5
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-4,0	-0,3	-5,6	-0,5	7,7
Industria química	-23,9	-0,4	-11,3	-0,2	1,5
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-35,7	-0,4	6,2	0,1	1,4
Outras industrias extractivas	-10,4	-0,5	-1,4	0,0	1,1
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-19,9	-0,5	-7,4	-0,2	2,6
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-15,8	-0,6	-2,6	-0,1	2,0
Industria da alimentación	-8,2	-1,1	-2,1	-0,3	13,2
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-21,7	-3,0	20,0	2,4	13,1
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Decembro 2023

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	MEDIA 2023
España	93,1	-4,0	-0,8
Galicia	101,6	-1,5	1,9
Andalucía	85,6	-7,7	-4,0
Aragón	93,8	3,5	1,6
Asturias	92,1	-1,6	-4,2
Baleares (Illes)	77,6	2,3	-1,1
Canarias	96,2	2,4	5,6
Cantabria	86,6	-10,5	-5,9
Castilla - La Mancha	97,1	-3,1	2,0
Castilla y León	84,5	-2,5	3,2
Cataluña	90,4	-6,1	-0,5
Comunitat Valenciana	93,5	-7,0	-3,7
Extremadura	102,9	5,6	2,0
Madrid	108,3	-3,9	2,9
Murcia	95,5	-0,9	-8,0
Navarra	90,0	-9,4	-3,6
País Vasco	88,5	0,6	-2,1
Rioja (La)	75,2	3,1	-3,9

Fonte:NE